



A NOSA TRADICIÓN ORAL
O QUE SE CASE COMIGHO



NOME DO DOCUMENTO: MPG_TrOr_0041_030_en_0_56_50_id686_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_TrOr_0041_030_en_0_56_50_id686.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Etnográfico xeral



MATERIAL DISPOÑIBLE

Transcrición e audio mp3

DATA DE RECOLLIDA: 07/12/1994

LOCALIZACIÓN:

Lugar: A Corredoira
Parroquia: Catoira
Concello: Catoira
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

INFORMANTE:

Nome: Bejo Carril, Ramona
Idade no momento da recolla: 86 anos
Lugar e data de nacemento: Coaxe, Dimo (Catoira); 22/12/1907

RECOLLEDORA: Rodríguez Castiñeiras, Teresa

COMPILADORES: Brea Rey, Xosé Ramón e Conde Coira, Pilar (profesores do IB Carril)

COLECCIÓN: A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudo, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI. (Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Isabel Vigo Rodríguez

Clasificación: Romances amatorios

PALABRAS CHAVE

Parrafeo, desafío, namorados, romance, Herbón

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- O que se case comigo ten que faser unha casa que lle costa dies doblones arrimada a unha plasa.
- Aghora miña meniña dechesme no corasón a casa xa a teño feita en San Pedriño de Herbón.
- En San Pedriño de Herbón non hai casa para min que non teño de larghar a terra donde eu nasín.
- A terra donde eu nasín nin a larghei nin a largho poreite de taberneira na vila de Santiagho.
- Na vila de Santiagho non quero ser taberneira no me criou miña nai para túa vendedeira.
- Este pañuelo que traio meniña que lle farás non costou dúas pesetas que costou trinta reás.
- Se constou trinta reás e sentencias e diñeiro da miña parte che digho que llo volvas ao tendeiro.
- Ao tendeiro non llo volvo para min sería risa aínda teño de poñer sintas verdes na camisa.
- Nin verdes nin amarelas puestas nunha marabilla, meniña que lle farás ao diñeiro de Castilla.
- O diñeiro de Castilla, meniña ti tes rasón, entregheillo aos meus amos na taberna d'Herbón.
- Na taberna d'Herbón disque tiñas sete damas
- E se teño sete damas, meniña que tes con eso? das sete damas que eu teño ti es a de menos presio.
- Ghalán que ti o dixeches:se non sabes o camiño, volves por onde viñeches.